

A lectura no século XXI

CFR, Vigo 24-10-2012

Manuel Bragado Rodríguez
Director de Edicións Xerais de Galicia S.A.
<http://bretemas.com>

A lectura no século XXI

Ideas clave:

1ª *Vivimos nun proceso de tránsito dende o paradigma da comunicación cultural analóxica cara ao da comunicación cultural dixital.*

2ª O [hipertexto](#) (e as súas utilidades de hipertextualidade, intertextualidade, multimodalidade e fragmentariedade multicultural e plurilingüe) é o que define o paradigma da comunicación dixital (e, polo tanto, da escritura e lectura dixitais).

3ª Neste período de tránsito convivirán texto e hipertexto, empregándose o analóxico ou dixital en función do tipo de contidos que se comuniquen, das vantaxes que obteña cada lectorado utilizando cada un deles, ou mesmo do tipo de público.

4ª O fomento da lectura, [a lectura cidadá](#), é máis preciso ca nunca [en tempos de crise](#) e mudanza como os que agora vivimos nos que convivirán libros impresos e dixitais.

A lectura no século XXI

Lecturas recomendadas:

- [*En línea. Leer y escribir en la red*, Daniel Cassany](#), Anagrama, setembro 2012.
- [*Libros electrónicos y contenidos digitales en la sociedad del conocimiento. Mercado, servicios y derechos*](#). José A. Cordon e outros, Pirámide, setembro 2012.
- Brétemas, etiqueta: [Lectura](#).
- [«Leer para conectar»](#), Plan de Lectura do País Vasco, outubro 2012.
- [Los futuros del libro](#), blog de Joaquín Rodríguez.

1ª VIVIMOS UN PROCESO DE TRÁNSITO

- Durante as dúas últimas décadas, debido aos desenvolvementos imparables e exponenciais dos fenómenos da telefonía móbil, de Internet e das linguaxes dixitais (html, xml...), formatos (jpeg, pdf, mp3, epub...) e estándares tecnolóxicos a eles asociados, foise conformando a cultura escrita dixital, un novo xeito de ler e escribir sobre as pantallas.
- As pantallas (nos seus diversos formatos) fóronse convertendo no primeiro medio de comunicación cultural no mundo actual.
- Esta lectura e escritura sobre pantallas, á que denominamos [literacidade electrónica](#), conforma un novo paradigma de comunicación cultural do que ninguén pode quedar alleo e do que ningunha identidade cultural, se quere existir no futuro inmediato con garantía algunha, pode quedar fóra.

2ª O HIPERTEXTO DEFINE O PARADIGMA DA COMUNICACIÓN CULTURAL DIXITAL

- Hoxe [lemos](#), escribimos ou accedemos con facilidade á enorme cantidade de información textual e audiovisual arquivada en Internet. Utilizamos unhas ferramentas que nos achegan posibilidades comunicacionais e culturais poderosas e amigables que, no devir duns poucos anos, mesmo duns poucos meses poden achegarnos outras posibilidades hoxe descoñecidas ou simplemente que non somos quen de imaxinar.
- A revolución na comunicación cultural provocada por esta nova literacidade electrónica non está tanto nos soportes ou na interface das pantallas que actualmente empregamos (sexo a dos teléfonos móbiles, ordenadores persoais, dispositivos de tinta dixital, táboas dixitais ou consolas de vídeoxogos) senón nas características do propio contido ou prosa electrónica. Aí é onde reside o cambio do paradigma comunicacional dende o análoxico ao dixital.
- Un contido ou prosa electrónica enriquecida polas utilidades que, tanto para a autoría como o lectorado, supoñen a súa hipertextualidade, intertextualidade, multimodalidade, plurilingüismo e multiculturalidade.

Utilidades do hipertexto

- A [hipertextualidade](#) –a posibilidade de realizar enlaces electrónicos dentro dun mesmo texto– permite ao autor xerarquizar e ordenar a presentación da información ou da creación literaria dunha forma recorrente e esférica e ao lector acceder a ela de forma discontinua.
- A [intertextualidade](#) –a posibilidade de enlazar con outros textos electrónicos externos ao texto, presentes na rede ou nun entorno dixital pechado (no caso dos libros electrónicos en soporte off line)– permite ao autor establecer un sistema amplísimo de citación e ao lector acceder a un macrotexto referencial de autoría compartida.
- A [multimodalidade](#) –a presenza unitaria nun texto de palabras, sons e imaxes interactuando entre elas– permite ao autor crear unha nova textura (un xénero discursivo multimedia, ao que compriría atoparlle denominación) que require ao lector o emprego de novas estratexias cognitivas.
- A fragmentariedade dunha multilectura plurilingüe –fenómeno característico do Internet de hoxe, que fai referencia ao comportamento do lector multitarefa que emprega simultaneamente varias pantallas onde aparecen textos, escritos en idiomas diferentes, procedentes de contextos culturais diversos– crea un novo contexto de linguas e culturas que derruba de facto fronteiras e confronta identidades.

Lectura e escritura en liña

- Cassany insiste en que a mudanza máis transcendental da prosa electrónica é que ademais a lectura e a escritura se producen en liña, é dicir, conectados a millóns de recursos, que aproveitamos para construír significados de maneira diferentes.
- A lectura e escritura en liña ou en rede incrementa de forma exponencial o número de interlocutores e documentos até provocar unha auténtica diátese informacional, ou incapacidade de procesar (dixerir) toda a textualidade que está a nosa disposición.
- A ausencia de filtros e controis da lectura e escritura en liña esixe un lectorado máis crítico e mellor formado.
- Na rede os textos homoxeinízanse no seu formato, desaparecendo ademais os parámetros contextuais, xa que podemos ler e escribir en calquera momento e case dende calquera lugar.
- Na rede impúxose e, ao mesmo tempo, diversificouse a escritura, até chegar a fender o modelo da escritura normativa. Eis o caso da escritura ideofonemática, que debemos considerar como unha variedade de seu.
- A lectura e a escritura na rede esixe o coñecemento das tecnoloxías da comunicación electrónica.
- Na rede desenvólvese un novo concepto de autoría e lectorado, xa que cada achega dilúese no magma do conxunto. Póñense en cuestións o que até agora entendiamos como creatividade, orixinalidade ou propiedade intelectual.
- En definitiva, ler e escribir na rede é máis complexo.

A lectura define a comunicación cultural

- Desprazada a preeminencia do soporte analóxico sobre o contido, o novo paradigma de comunicación cultural electrónica asume a lectura como o seu elemento central, modificando radicalmente as funcións que desempeñan as industrias e as institucións da cultura analóxica, especialmente o papel dos editores e das bibliotecas.
- A lectura convértese así na actividade que caracteriza a comunicación cultural, concibida como un elemento transversal entre os soportes impresos e electrónicos.
- No actual tránsito, non é posible definir o libro, como se veu facendo ata agora, como un ben cultural impreso dun determinado número de páxinas encadernadas.
- [Román Gubern](#) definiu o libro «como calquera texto dispoñible no soporte que sexa».
- A [Lei 10/2007 da Lectura, o libro e as bibliotecas](#), como «a obra científica, literaria ou de calquera outra clase que constitúe unha publicación unitaria, editada nun ou varios volumes e que pode aparecer impresa ou en calquera outro soporte susceptible de lectura».
- Con esta redefinición, recoñécese que o característico do mundo do libro non reside xa no soporte (sexa [analóxico-impreso ou dixital-electrónico](#)) e, si pola contra, na actividade que promove, a lectura.
- Insistimos en que o fenómeno da lectura é hoxe máis amplo co expresados polos soportes impresos (libros, xornais e revistas) e, polo tanto, sería moi perigoso crer que xogan en idéntico terreo.

A lectura como competencia cidadá imprescindible

- A lectura xa non pode ser identificada como un hábito de lecer de minorías ou élites vencellado ao goce das obras literarias impresas.
- A [lectura na sociedade do século XXI](#) debe ser considerada como unha competencia cidadá adquirida por toda a cidadanía, que permite comprender criticamente un mundo saturado de textualidade, sexa impresa ou dixital.
- A lectura, concibida como ferramenta crítica, e o seu fomento –vencellado, tamén no caso galego, á potenciación dos procesos de alfabetización informacional e normalización lingüística– entre todos os sectores sociais e segmentos de idade debería transfórmase na prioridade de todas as políticas culturais, educativas e de igualdade a desenvolver no país.
- A lectura como competencia cidadá imprescindible debe entrar a formar parte da [axenda pública](#).

Novo papel de editores e bibliotecarios

- Concibida a lectura deste xeito, [modifícase o papel dos editores e da industria do libro](#) que no futuro ha de estar centrada de forma xenérica sobre a produción e distribución de contidos culturais escritos. O contido é o que estrutura a actividade do editor.
- Neste contexto a biblioteca debe ser considerada unha institución cultural pública especializada no acceso dos cidadáns á lectura.
- A [biblioteca](#) transfórmase na primeira institución cultural de cada comunidade local para acceder á nova Sociedade do Coñecemento, especializándose como un punto de acceso público tanto á rede comunicacional dixital como aos fondos documentais analóxicos.
- A biblioteca son portos seguros entidades culturais sen ánimo lucro, portos seguros onde sabemos, como sinala [Javier Celaya](#), que «os nosos datos persoais relacionados co consumo de produtos culturais non serán utilizados para fins comerciais nin como pretexto para acceder de forma gratuíta a determinados contidos culturais».
- As bibliotecas escolares deberían transformarse na primeira aula de cada centro educativo, sendo o punto máis especializado no fomento da actividade lectora (un eixo transversal de toda a actividade educativa) e do acceso á información e documentación.

A lectura en pantallas

- A [lectura en pantallas](#) utiliza procedementos cognitivos diferentes aos da lectura en papel. O educador precisa coñecelos. Non serven as mesmas estratexias para desenvolver as competencias lectoras dixitais e sobre papel.
- Juan Varela cre que [en Internet non se le, escanéase](#). A lectura da maior parte dos internautas sobre as pantallas aseméllase á que facemos sobre os xornais en papel: é fragmentaria, rápida, fráxil, rota, incompleta, desordenada ou «zapeada».
- Os datos proporcionados polo informe de usabilidade de [Jakob Nielsen](#) amosan que os internautas só len o 20% do texto das páxinas, aínda que, tamén, despois das duascenas palabras, a lectura descende menos. Ademais, en boa parte dos casos, o lector en pantalla atende sobre todo aos hiperenlaces que contén o texto.
- [A lectura sobre pantalla](#) esixe un maior nivel de intervención do cerebro e un comportamento cognitivo diferente do da lectura en papel. Segundo [Baccino](#) «as zonas do encéfalo que controlan a toma de decisións e os razoamentos complexos actívanse con maior intensidade cando lemos sobre unha pantalla que cando o facemos sobre os soportes impresos». Debido á necesidade de efectuar máis eleccións no proceso lector, a existencia de máis información dispoñible, a superposición de elementos con sistemas de codificación e de interpretación diferente, o nivel de complexidade cognitiva é maior e, polo tanto, tamén a posibilidade de perdas de significado.
- Estamos diante dunha [nova lectura](#) que moi pouco ten que ver coa tradicional sobre soportes impresos á que se atende nos sistemas educativos.

A incorporación do hipertexto ao eido educativo

- Se pretendemos que a lectura sexa xeradora de intelixencia comprensiva (sexa tanto a lectura analóxica como a dixital), debemos ensaiar unha nova abordaxe educativa crítica e gozosa que precisa de tempo para poder chegar acougo e tranquilidade.
- As [estratexias](#) de xestión de tempo escolar das que fala Joan Domènech na súa gabanza da educación lenta son de utilidade para esta abordaxe.

3ª A CONVIVENCIA DO TEXTO E DO HIPERTEXTO

- Concibido o libro e a edición, tal como expuxemos, non podemos identificar o libro electrónico cun soporte determinado.
- Insistimos en que o [libro electrónico](#) ou a edición dixital ou electrónica, termo que eu preferiría, é aquela obra que utiliza algunha das utilidades da prosa electrónica (hipertextualidade, intertextualidade, multimodalidade e fragmentariedade), puidendo ser [lida en pantallas](#) ou escoitada nalgún tipo de dispositivo electrónico, sexa portable ou conectado a unha rede.
- Identificamos diversas modalidades de edición dixital ou de obras que poden ser consideradas como libros electrónicos. A maioría delas están comezando a ser editadas tamén en Galicia e en galego.
- O desenvolvemento da cultura do hipertexto non está exento de problemas, provocados pola modificación da cadea de valor utilizada polo libro impreso. Avanzouse na estandarización dos formatos (o Epub é o actual), porén non está resolta de forma satisfactoria a comercialización e distribución dos contidos respectando o lexítimo dereito de autoría das obras artísticas e científicas.
- Neste proceso de tránsito entre paradigmas, a gratuidade quedou vencellada á economía da cultura dixital.
- A autoría colectiva e a elaboración compartida, facilitada polas utilidades do hipertexto, é unha das características da cultura dixital.

Tipos de edición dixital

- 1. *Libros dixitais ou e-books*
- 2. *Dicionarios e servizos de documentación en liña*
- 3. *Materiais educativos dixitais*
- 4. *Obras dixitais multimedia*
- 5. *Audiolibros*
- 6. *Impresión baixo demanda*

1. Libros dixitais ou e-books

- Aquelas obras de prosa electrónica destinadas a ser lidas en lectores electrónicos portables, sexan de tinta dixital («e-readers») ou utilicen procedementos de computación («taboaíñas dixitais», teléfonos ou ordenadores).
- Esta modalidade centra hoxe case todo o debate arredor da edición dixital, tanto no que atinxe á viabilidade da cadea de valor artellada nos diversos tipos de negocio existentes na actualidade ([Amazon](#), [Ibooks](#) de Apple, [Numilog](#), [Librandia](#), [Todoebook](#), [Meubook](#)...), dos criterios de usabilidade dos lectores portables electrónicos actuais ([Kindle](#), [Nook](#), [Sony](#)...) e da competencias que supoñen para eles as «táboas dixitais» ([IPAD](#), [Galaxy Tab](#)...) ou mesmo a [telefonía móbil](#), dos formatos e estándares de edición ([Epub](#), [Mobipocket](#)) ou dos sistemas de encriptación utilizados ([DRM](#), ...).

2. Dicionarios e servizos de documentación en liña

- Aquelas obras de referencia que utilizan os procedementos de prosa electrónica e son ofrecidas como servizo de consulta on-line ou off-line, tanto gratuítos como de pagamento.
- Esta modalidade de edición electrónica está xa moi desenvolta, ofrecendo algúns modelos moi consolidados de negocio na edición técnica e especializada: [xurídica](#), [lexicográfica](#) ou [enciclopédica](#).

3. Materiais educativos dixitais

- A cabalo das dúas modalidades anteriores, o desenvolvemento dos materiais curriculares que utilizan as utilidades da prosa electrónica aparece vencellado aos proxectos de [«Escola 2.0»](#) de incorporación das tecnoloxías dixitais ás aulas.
- No eido educativo son moi diversos os tipos de edición dixital, dende a creación de [entornos educativos dixitais](#), pasando polas obras destinadas a ser utilizadas en [encerados dixitais interactivos](#), os materiais curriculares dixitais de área ([libro de texto en rede](#)) distribuídos por procedemento on-line ou off-line, até os obxectos educativos dixitais elaborados polo profesorado e compartidos na rede empregando [licenzas Creative Commons](#).
- Neste eido educativo, ao abeiro da implantación nas diversas Comunidades Autónomas dos seus proxectos de Escola 2.0, como é en Galicia o caso do [proxecto Abalar](#), o sector editorial privado e as administracións educativas comezan a ensaiar modelos de negocio dixital educativo, na maior parte dos casos, baseado na cesión de licenzas de alumno/a por materia e curso.
- Hoxe aínda é un soño a transformación dos libros de texto en contidos portátiles dixitais, que empreguen as utilidades do hipertexto, accesibles dende calquera lugar (tanto na aula, na biblioteca como na casa), adaptables a cada grupo clase, constantemente actualizados, con contidos colaborativos xerados por un profesorado que traballa en rede.

4. Obras dixitais multimedia

- Xa sinalamos ao comezo, que a textualidade electrónica promove a aparición dun novo xénero discursivo multimodal, ao que nin sequera lle temos aínda nome.
- Empregando estas posibilidades entendo que se vai desenvolver a edición dixital infantil, como demostran as experiencias de animación, empregando a [técnica](#) da [stop-motion](#), nas que está traballando editoras galegas como [OOO](#).
- As aplicacións de IPAD van nesta mesma liña.

5. Audiolibros

- Os audiolibros son, sen dúbida, libros dixitais, a pesar de que non precisen pantallas para a súa lectura, xa que utilizan o carácter multimodal da prosa electrónica. Esta modalidade é moi común na edición comercial anglosaxona, porén, entre nós aínda está pouco desenvolvida.
- Na Lei do Libro e a Lectura de Galicia de 2006 estaba previsto apoiar a creación da Audioteca da literatura galega.
- Coa excepción dalgunhas experiencias, promovidas pola Radio Galega e Xerais, así como polo Consello da Cultura Galega, son escasos os audiolibros en galego.
- A apertura desta vieiro de edición electrónica semella moi probable xa que tería moi boa acollida no sistema bibliotecario público e no eido escolar, así como nas persoas con dificultades visuais, ou en xeral para todas aquelas que prefiran gozar dos textos lidos.

6. Impresión dixital baixo demanda

- A posibilidade de [edición en papel baixo demanda](#) ou en baixas tiradas, complementada coa de e-books é outra das modalidades de edición dixital actual, non tanto pola utilización das utilidades da prosa electrónica, como manifestación do proceso de convivencia entre soportes deste tempo de tránsito.
- A impresión baixo demanda, un espazo híbrido entre as culturas analóxica e dixitais, está permitindo manter os catálogos vivos e actualizados, ao tempo que aumentar as posibilidades de edición para textos ou proxectos inviables empregando os sistemas de impresión analóxicos tradicionais.

A polémica da gratuidade

- A gratuidade asociada a Internet, e por extensión a toda a cultura dixital, é unha das cuestións polémicas deste proceso de tránsito.
- O economista Christian Anderson, –editor de [Wired](#) e un dos gurús de Internet (creador da teoría da [longa cola](#)), publicou en febreiro de 2008, un artigo, titulado «[Free](#)» que conmocionou o sector editorial internacional e, dende entón, influíu nos novos negocios que se desenvolveron en Internet.
- A tese de [Anderson](#) pode [resumirse](#) no seguinte: nunha economía como a de Internet na que os custes tenden a cero, o futuro dos negocios alí xenerados será a de ofrecer [produtos gratuítos](#). O Internet actual representa para Anderson a extensión do modelo de negocio gratuíto dos medios de comunicación (fundamentalmente da televisión e da radio) ás industrias de todo tipo.
- Anderson propón seis versións de gratuidade:
 - [freemium](#) (só algúns pagan pola versión completa do do servizo),
 - publicidade (o modelo da radio e da televisión),
 - subsídios cruzados (vender o produto por baixo do custo,agradando recuperalas polas vendas dos produtos asociados),
 - [custe marxinal cero](#) (custes inapreciables),
 - intercambio de traballo (o usuario enriquece o produto),
 - economía do agasallo (cómpartese o contido).
- Para Anderson [todo o que roza o dixital tende, inexorablemente, a ser gratuíto](#), o que non significa que non supoña negocio. Con todo, a súa insistencia de que no momento no que unha actividade aborda o dixital ou se insire en Internet, o gratuíto non é xa unha opción, é a única opción.
- Na provocadora análise de Anderson, que influíu na posta en marcha de novos negocios na rede como [Spotify](#) ou [Last FM](#), temos outro reto para analizar a viabilidade da cadea de valor das diversas modalidades da edición dixital.

Os sistemas de encriptación: o debate sobre o DRM e o DRM social

- Os modelos de distribución de obras de edición dixital con carácter comercial utilizan sistemas de encriptación coa intención de limitar o acceso só a aqueles usuarios de pagamento.
- O máis coñecido destes sistemas é o DRM (Xestión de Dereitos Dixitais), cuxo emprego constituíu un fracaso no eido da industria musical, e que, porén, na [versión de Adobe](#) é o máis utilizado na actualidade na distribución de e-books.
- Amazon e Apple teñen os seus DRM propios e os seus propios aparellos Kindle e Ipad ou Iphone.
- A utilización de DRM na xestión da comercialización de libro electrónico presenta importantes limitacións para asegurar o dereito dos seus usuarios a realizar unha copia privada ou a utilizar o arquivo adquirido en varios dispositivos, ademais da posibilidade de ser rebentados e [inútiles](#) para evitar o intercambio gratuíto de arquivos.
- A imposibilidade para o préstamo do libro electrónico (incluído o «préstamo bibliotecario») é outra carencia do DRM.
- Son moi frecuentes as críticas dos usuarios de libro electrónico que consideran o DRM como un inhibidor de compra máis ca nun protector eficaz dos dereitos de autor.
- Fronte a estas limitacións do DRM, o chamado [DRM social](#) ofrécese como alternativa. Consiste na inclusión dos datos do comprador no arquivo como marcas de auga, un estilo de personalización semellante a asinatura ou a marca de ex-libris que algúns lectores realizan cando adquiren un libro impreso. Un [modelo non restritivo](#), que permite compartir os arquivos, utilizado aínda por unha minoría de editores de libro electrónico que adoitan ofrecer [prezos máis económicos](#) que aqueloutros que utilizan o DRM.

Un novo pulo para a cultura dixital: a lectura na nube

- O desenvolvemento do proxecto de [libro aloxado na nube](#) (popularmente o «Spotify dos libros») do libro considerado como un [servizo accesible dende calquera aparello](#) (sexa teléfono móbil, taboíña, lectores de tinta dixital, computadoras ou mesmo pantallas planas de televisión), é o que mellor amosa este novo contido centrado no contido e na lectura.

4ª A ARTE DE LER EN TEMPOS DE CRISE E MUDANZA

- A idea de que a lectura pode axudar ao benestar da xente é moi antiga. A biblioterapia, o carácter terapéutico da lectura, é unha práctica asociada á cultura do libro.
- Michèle Petit defende no seu libro *El arte de la lectura en tiempos de crisis* a idea de que os libros amparan as vidas en momentos difíciles, como mesmo acuden en rescate de grande número de persoas en tempos de crise. Así sucedeu tras a crise do 29 e a Segunda Guerra Mundial.
- A crise, como un espazo sen liña de fuga, pode provocar a perda do sentido. A lectura, pola contra, constrúe sentido, xa que inserta ao lector nunha continuidade.
- Os momentos de crise son, tamén, os de oportunidade. A coincidencia da crise económica, a do modelo de edición cultural e a do tránsito entre os paradigmas analóxico e dixital, sitúan ao sector do libro nunha situación decisiva de mudanza inevitable e profunda.

4ª A ARTE DE LER EN TEMPOS DE CRISE E MUDANZA

- Nun momento de cambio de paradigma e de evolución do sector do libro (na coexistencia ou integración de textualidades e soportes), a clave está nas políticas de lectura e na necesidade de formación do criterio lector en ambas as dúas textualidades, a impresa e a electrónica (que requiren estratexias diferentes).
- Polo momento, non vai desaparecer a publicación de libros impresos. Nos vindeiros anos as edicións impresas e electrónicas convivirán no mercado e nos hábitos dos lectores, procurando cada unha delas os seus espazos de especialización.
- Os libros impresos máis fermosos e máis coidados serán os que máis posibilidades contarán de obter o apoio dos lectores, o que constitúe un reto para os editores que aposten por continuar con este formato analóxico.

4ª A ARTE DE LER EN TEMPOS DE CRISE E MUDANZA

- As redes sociais dixitais son hoxe as ferramentas máis útiles para promocionar o libro impreso e o fomento da lectura nos dous soportes.
- Se non se supera a actual identificación do dixital co gratuito, non haberá posibilidade de reconstruír unha cadea de valor intersectorial para a edición profesional dos libros dixitais. Modelos como os dos libros da nube poden ser unha boa alternativa.
- Unha cadea que, respectando o protagonismo do autor, contemple as funcións de editores (centrados sobre o tratamento do contido) e libeiros (especializados na promoción do produto), profesionais sobre os que se asentou o noble oficio da edición dende que naceu na sociedade romana.
- Todo o sector do libro, como o da comunicación cultural no seu conxunto, está obrigado a iniciar esta mudanza de rumbo, na que convivirán libros impresos e dixitais e nas que haberá que responder a moitas preguntas e despexar moitas incertezas.

Facer chegar comentarios a bretemas@gmail.com